

## PROCEDIMIENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ETAPA PREDOUTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECEMENTO (PLAN I2C) ANO 2014

No Diario Oficial de Galicia do día 10 de decembro de 2014 publicouse a orde do 28 de novembro pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego de Investigación, Innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C).

**Tendo en conta as datas nas que nos atopamos, rogase aos solicitantes de calquera das modalidades que presenten a documentación á maior brevidade posible, sen esperar ás datas finais dos prazos de presentación.**

### DATOS DE INTERESE

Os datos de interese da convocatoria pode atopalos nos seguintes enderezos electrónicos:

**D.O.G:**

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141210/AnuncioG0164-011214-0003\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141210/AnuncioG0164-011214-0003_gl.pdf)

**Difusión:** [http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1527\\_gl.pdf](http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1527_gl.pdf)

### LUGAR, PRAZOS E PROCEDIMIENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A convocatoria establece que serán as universidades as que presentarán as solicitudes para cada unha das persoas candidatas. Ademais a presentación de solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado. Debido a isto establececese o seguinte procedemento de presentación de solicitudes:

Os interesados en solicitar unha destas axudas deberán cumprimentar e entregar no rexistro da OIT, edificio Cactus, Campus Vida, ou no rexistro do Campus de Lugo, **antes das 14 horas do día 5 de xaneiro de 2015**, a súa solicitude ([ANEXO III](#) e [IV](#)) e, de ser o caso, fotocopia do D.N.I.

- A) Os interesados que presentaron a solicitude anteriormente indicada deberán enviar en formato pdf, **antes das 14 horas do día 12 de xaneiro de 2015**, o proxecto de traballo de investigación e o documento no que se recolle a adecuación do proxecto ás liñas estratéxicas definidas no anexo II da convocatoria co visto e prace da comisión académica do programa de doutoramento, ao seguinte enderezo electrónico [recursoshumanos.programas@usc.es](mailto:recursoshumanos.programas@usc.es). Os documentos coas firmas orixinais deberán gardalos os interesados por si son reclamados posteriormente pola Xunta de Galicia.

Para obter os documentos indicados deberá proceder do seguinte xeito:

**-No caso de que xa teña aprobado o plan de investigación pola comisión académica**, deberá poñerse en contacto co coordinador do seu programa para que xestione a aprobación pola Comisión Académica do documento de adecuación do proxecto de investigación ás liñas estratéxicas definidas no anexo II da convocatoria.

**-No caso de que NON teña aprobado o proxecto de investigación pola comisión académica** deberá poñerse en contacto co coordinador do seu programa para que xestione tanto a aprobación pola comisión académica do proxecto de investigación como o documento de adecuación.

Si ten calquera dúbida relacionada con este tema pode enviar a súa consulta a [edi.campusvida@usc.es](mailto:edi.campusvida@usc.es)

**Modelo de proxecto de investigación:**

[http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1533\\_gl.doc](http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1533_gl.doc)

**Modelo de adecuación do proxecto ás liñas estratéxicas:**

[http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1532\\_gl.doc](http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1532_gl.doc)

- B) No caso dos interesados que cursaran estudos na USC, as certificacións ás que fai referencia a letra e) do artigo 4 serán aportadas, de oficio, pola Universidade de Santiago de Compostela, polo tanto, **para esta convocatoria estes alumnos non deberán solicitar ningún tipo de certificación.**

No caso de alumnos que **NON** cursasen estudos na USC (tanto nacionais como estranxeiros), deberán achegar ditas certificacións, ao enderezo electrónico [recursoshumanos.programas@usc.es](mailto:recursoshumanos.programas@usc.es) **antes das 14 horas do día 12 de xaneiro de 2015.**

- C) No caso dos solicitantes que se acollan aos supostos de excepcionalidade previstos no artigo 2 da convocatoria sobre as datas de finalización dos estudos, deberán achegar a documentación **antes das 14 horas do día 12 de xaneiro de 2015.**

<b>PRAZOS PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL 2014</b>	
<b>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR</b>	<b>FIN PRAZO DE PRESENTACIÓN NA OIT</b>
<b>Solicitud anexos III e IV</b>	<b>05-01-2015 (14 horas)</b>
<b>Proxecto de Traballo de investigación e adecuación ás liñas estratéxicas</b>	<b>12-01-2015 (14 horas)</b>
<b>Certificación dos alumnos que non cursaron estudos na USC</b>	<b>12-01-2015 (14 horas)</b>
<b>Documentación supostos excepcionalidade</b>	<b>12-01-2015 (14 horas)</b>

Para pedir información da convocatoria pode poñerse en contacto con:

**Información da convocatoria**

**8818 16252**

**8818 16253**

**8818 16213**

**8818 16215**

**[recursoshumanos.programas@usc.es](mailto:recursoshumanos.programas@usc.es)**

**Información para obter o proxecto de investigación e adecuación**

**[edi.campusvida@usc.es](mailto:edi.campusvida@usc.es)**

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2014  
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación